

## **SESIÓN ORDINARIA DE 25 DE SETEMBRO DE 2.014**

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e quince minutos do día 25 de setembro de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao, D<sup>a</sup> Tania Díaz Seijas, D. Antonio López Pérez D. Jesús Fernández García, Dona María José Martínez Vigo, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román,, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

A concelleira D<sup>a</sup> María Begoña Seco Varela incorpórase durante o debate do punto cuarto da orde do día.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS**

O Alcalde propón aprobar a seguinte modificación do inventario municipal de bens e dereitos:

*“INVENTARIO MUNICIPAL DE BIENES INMUEBLES*

*EDIFICACIÓN Nº 15*

*CENTRO CULTURAL DE ROBRA*

*NOMBRE: Escola de Robra*

*NATURALEZA DEL INMUBLE:*

*Servicio público*

*dotacional público*

*SITUACIÓN:*

*Parroquia: Robra*

*Linderos: parcelas 452, 279 y 280; Sur: parcela 287 do polígono 78, Este: parcela 471 e Oeste: carretera N-VI.*

*CARACTERÍSTICAS EDIFICATORIAS:*

*Superficie construída de planta baja: 311,98 m2. Superficie planta alta: 95,80 m2.*

*Número de plantas: dos*

*ESTADO DE CONSERVACIÓN: ano de construcción do local principal: 1955*

*CARGAS:.libre de cargas.*

*TÍTULO DE ADQUISICIÓN: compraventa*

*SITUACIÓN REGISTRAL:*

*Registro da Propiedade: non consta*

*Padrón Catastral da parcela: Parcela 286, polígono 78.*

*FINCA URBANA Nº 74*

*OUTEIRO DE REI*

*NOME: PARCELA MAQUINARIA MUNICIPAL*

*NATUREZA DO INMOBLE:*

*Ben de Natureza demanial. Calificada como solo urbanizable de uso industrial delimitado.*

*Servicio público*

*SITUACIÓN:*

*Parroquia: OUTEIRO DE REI. Polígono empresarial de Outeiro de Rei. 8º fase.*

*Lindeiros: Parcela de forma triangular que linda, polo Norte, sur e leste con vial público; Oeste, parcela 4541602PH1744S0001HO, propiedade de herdeiros de Francisco Illán Modia.*

*SUPERFICIE: 867ms/2.*

*CARGAS: non constan*

*TÍTULO DE AQUISICIÓN:*

*Compraventa non documentada*

*REFERENCIA CATASTRAL: 4541601PH1744S0001UO*

*SITUACIÓN REXISTRAL:*

*En trámites de inscrición*

*PORCIÓN VIAL Nº 160*

*VILELA*

*NOME: PORCIÓN VIAL EN VILVELA PEQUENA – VILELA.*

*NATUREZA DO INMOBLE:*

*Uso público*

*Prescrición: dominio público viario*

*SITUACIÓN:*

*Parroquia: VILELA*

*Núcleo/lugar: VILELA PEQUENA*

*Lindeiros: franxa de terreo de forma triangular que linda polos seus bordes exteriores con vial público e nos seus bordes interiores coa finca matriz (parc. 207 do pol. 10).*

*SUPERFICIE: 282,55 m<sup>2</sup>*

*CARGAS: LIBRE DE CARGAS*

*TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 20 de xuño de 2014.*

*SITUACIÓN REXISTRAL:*

*Rexistro da Propiedade finca matriz: Finca 10.849, Folio 51, Tomo 1144, Libro 98.*

*VIAL Nº 49*

*CAMIÑO EN CABOI*

*NOME:*

*Camino en Caboi*

**NATUREZA DO INMOBLE:**

*Uso público*

*Prescripción: dominio público viario*

**SITUACIÓN:**

*Consiste nunha fanxa de terreo, ubicada en solo de núcleo rural de Caboi, que ocuparía o linde sur das parcelas 290, 287, 286, 281 e 280 do polígono 27, froito do expediente de afectación e simultánea afectación de tramo de camiño en Caboi, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporacion na sesión celebrada o día 26 de abril de 2013.*

**DESCRIPCIÓN:**

*“Parcela A-B-C-D, de la superficie aproximada de 425 m2. Linda al norte con marcos Varela Lorenzo y Jara Varela Losada; al Sur con José García Prado; al este con José Manuel Núñez Losada y al Oeste con Fernando Candal García”.*

**REF. CATASTRAL:**

*Actualmente carece de referencia catastral, integrándose nas parcelas catastrales anteriormente citadas.*

**CARACTERÍSTICAS DO VIAL:** *Pavimentado en zahorra*

**TÍTULO DE ADQUISICIÓN:** *Cesión urbanística formalizada en escritura pública ante o notario José Manuel López Cedrón, o día 3 de marzo de 2014, con número de protocolo 677”.*

Fai uso da palabra o sr. Arcadio, quen anuncia que, en tanto no seu día opuxéronse á aprobación da modificación do cambio de trazado dun camiño en Caboi e dito camiño se introduce nesta modificación, non votarán a favor da rectificación do inventario.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de modificación transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con nove votos a favor e unha abstención, pertencente ao concelleiro do grupo municipal do BNG.

## **2- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2013**

O Alcalde expón de xeito sucinto as principais magnitudes contables que arroxa a conta xeral, dentro do que destaca un resultado orzamentario axustado e un remanente de tesourería positivos, o que pon de manifesto que, a pesares da situación económica, somos quen de seguir a prestar os servizos cun nivel de calidade aceptable e sen deteriorar as contas públicas.

O voceiro do grupo municipal do PSOE anuncia que manterán a postura mantida na comisión informativa, e engade que a realidade parece que lles deu a razón e que por fin contaremos cun interventor, que permitirá afondar en transparencia e aportar máis datos.

O voceiro do grupo municipal do BNG remítese, asemade, a postura expresada na Comisión especial de contas que, recorda, non respaldaba a aprobación da conta en tanto non poden respaldar o orzamento do que traen causa.

O Alcalde afirma que as funcións de intervención estaban a ser prestadas correctamente por un funcionario debidamente capacitado. Por outra banda, recorda que os resultados da xestión económica están a vista, e que permiten constatar o saneamento da facenda municipal. E estos datos ratifican que esta xestión estivo a realizarse correctamente ata o momento.

Por outra banda, recorda que dipoñer de Interventor non depende do Concello, senón que depende da Administración do Estado.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación da Conta Xeral do Concello de Outeiro de Rei correspondente ao ano 2013.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con sete votos a favor e tres votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e máis do grupo municipal do BNG.

## **3- APROBACIÓN PROVISIONAL DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO. DELIMITACIÓN DO NÚCLEO DA FRANCA**

O Alcalde expón brevemente os antecedentes da tramitación administrativa deste expediente, tralo cal propón aos concelleiros do Pleno a aprobación da proposta de aprobación provisional da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento consistente na delimitación do núcleo da Franca.

O voceiro do grupo municipal do PSOE afirma estar de acordó con toda proposta que favoreza aos veciños, pero non está de acordó coa fórmula empregada, xa que non soamente o núcleo de A Franca está sen delimitar, senón que hai moitos outros núcleos non delimitados e non se comprende porqué A Franca se delimita como núcleo e os outros non.

O voceiro do grupo municipal do BNG pregunta qué problemas plantexan os núcleos Penelas e Alvite para que non se aproben provisionalmente neste Pleno.

O Alcalde resposta que os restantes núcleos están pendentes da emisión de algún informe sectorial, xa Penelas está afectado pola N-VI e require de informe tanto de fomento como de Cultura. Por outra banda, Alvite non se introduxera non primeiro proxecto aprobado inicialmente, polo que non recaera todavía a decisión de necesidade de tramitación da avaliación ambiental, por iso agora estamos pendentes deste informe ambiental.

Pregunta Arcadio se seguirán a tramitar as outras dous delimitacións.

O Alcalde resposta que se están a tramitar e se seguirán a tramitar.

O voceiro do BNG, o sr. Arcadio, que non está de acordo con este xeito de facer urbanismo, senón que debe facerse un novo Plan para todo o Concello e non andar a facer remendos.

A aprobación dun novo plan sería máis xusto, xa que se beneficiaría todo o concello e non soamente os veciños dunha parroquia.

Por este motivo, anuncia que non apoiarán esta aprobación provisional.

O Alcalde afirma que non se formula un novo plan xeral xa que, coa lexislación vixente, reduciríase enormemente a capacidade edificatoria non concello de Outeiro de Rei. E esta corporación non plantexará nunca unha modificación que reduza as expectativas urbanísticas do concello.

Recorda que as sucesivas modificacións da lexislación urbanística foron restrinxindo os requisitos de clasificación urbanística, polo que un novo plan reduciría moitísimo tanto os actuais núcleos rurais como o solo urbanizable. E por este motivo, mentres a lei non nos obrigue a aprobar un novo plan, nos non o faremos.

Esta modificación propónse para solventar uns problemas específicos, non para beneficiar a unha ou outra parroquia. Por outra banda, a formulación dun novo plan ten un custe económico grandísimo e unha tramitación moi dilatada no tempo. Basta mirar para o concello de Lugo, que despois de doce anos non o aprobou. E esta demora afectaría negativamente ao desenvolvemento do concello.

O voceiro do BNG nega que Robra teña unha situación urbanística diferente de outros núcleos de outras parroquias que están sen delimitar. Por iso propón aprobar un novo plan, que arranxaría os problemas urbanísticos de todo o concello, non soamente de algunhas parroquias.

Pero cree que ao Alcalde non lle interesa un novo plan, xa que deste xeito o Alcalde decide cando e onde, e cun plan xeral non podería facelo. E recorda que neste caso se trata de arranxar o problema dunha licenza dada polo concello e anulada polo xulgado.

O voceiro do grupo municipal do PSdg-PSOE, expresa a súa discordancia cunha normativa que, se se formula un novo plan, se reduce a superficie xa delimitada como núcleo rural no planeamento anterior, xa que lle parece ilóxico.

E insiste na conveniencia de facer un novo plan xeral, co gallo de dar un trato igualitario a todos os núcleos de todas as parroquias.

E propón plantexar unha modificación á Xunta de Galicia nesta línea, sen reducir os actuais núcleos, e se non se aproba pola Xunta xa será outro cantar.

O Alcalde afirma que a lei actual que reduce drásticamente os núcleos rurales pasou, tanto polo goberno do PSOE-BNG como do PP, e que os membros da oposición coñecen -ou deberían coñecer- esta lei e que, polo tanto, saben que un novo plan xeral reduciría enormemente o solo que as actuais normas subsidiarias delimitaron como edificable.

E a razón de ser de que se propoña esta modificación puntual non é outra que as Normas subsidiarias calificaron como solo urbanizable o que é núcleo rural en vistas a un desenrolo urbanístico que finalmente non se levou a cabo, e a resultas de esto non se delimitaron os núcleos coma noutras parroquias. Esta proposta pretende arranxar esta situación e delimitar os núcleos de Robra, tal e como xa están delimitados nas restantes parroquias do concello.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación provisional da modificación puntual das normas subsidiarias do concello de Outeiro de Rei. Delimitación do núcleo da Franca.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con sete votos a favor e tres votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdg-PSOE e máis do grupo municipal do BNG.

## **5 -6 – MOCIÓN DO GRUPO POPULAR E MÁIS DO BNG RELATIVAS Á PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA LEI ELECTORAL PARA A ELECCIÓN DIRECTA DE ALCALDES**

O Alcalde propón tratar conxuntamente a moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular e máis a presentada polo grupo municipal do BNG xa que tratan sobre o mesmo.

O teor das mocións é o seguinte

*“MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO POPULAR DEL AYUNTAMIENTO DE OUTEIRO DE REI PARA APOYAR LA REFORMA DE LA LEY ELECTORAL Y PROMOVER LA ELECCIÓN DIRECTA DEL ALCALDE*

*El Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Outeiro de Rei conforme a lo previsto en los artículos 91.4 y 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y*

*Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente:*

## **MOCIÓN**

*El artículo 140 de la Constitución establece: “La Constitución garantiza la autonomía de los municipios. Estos disfrutarán de personalidad jurídica plena. Su gobierno y administración les corresponde a sus respectivos ayuntamientos, integrados por los alcaldes y los concejales. Los concejales serán elegidos por los vecinos del municipio mediante sufragio universal, igual, libre, directo y secreto, en la forma establecida por la ley. Los alcaldes serán elegidos por los concejales o por los vecinos. La ley regulará las condiciones en las que proceda el régimen de concejo abierto”.*

*Es decir, la Constitución contempla la posibilidad de que los alcaldes sean elegidos directamente por los vecinos. Es más, en 1978 el gobierno de Adolfo Suárez presentó un proyecto de ley de Elecciones Locales que preveía la designación automática como alcalde del cabeza de lista de la candidatura más votada. Por lo tanto, no sólo establecía un sistema de elección directa, sino que la lista que contara con un mayor respaldo ciudadano debía asumir la responsabilidad del gobierno municipal.*

*Aunque esta previsión normativa no resultó aprobada, lo cierto es que en varios países de nuestro entorno, como Francia y Portugal se contempla la designación como alcalde de la persona que encabece la lista más votada.*

*Asimismo, durante el actual período constitucional hubo varias propuestas o planteamientos programáticos de reforma del marco electoral municipal. Así, en 1998 el grupo parlamentario socialista planteó una proposición de ley orgánica que tenía por objeto modificar la elección de los alcaldes.*

*En la Exposición de Motivos de la citada norma se decía: “En definitiva, las razones que justifican la elección directa del Alcalde por todos los electores son de naturaleza política, es decir, son razones fundadas en la búsqueda de una mejor gobernabilidad, de una mayor identificación del Alcalde con los electores y, en fin, de un reforzamiento del Ayuntamiento como institución destinada a proporcionar servicios a los ciudadanos.”*

*Esta iniciativa del Grupo Parlamentario socialista proponía cambios sustanciales que afectaban a la elección directa del alcalde como el establecimiento de una prima electoral para el grupo político del alcalde ganador o una segunda vuelta. Sin embargo, cuando el Congreso de los Diputados fue disuelto esta iniciativa legislativa caducó.*

*Más adelante, en el programa electoral con que el PSOE concurrió a las Elecciones Generales de 2004, este partido volvió a plantear la elección directa. De hecho, esta fue la propuesta estrella al inicio de la redacción del Libro Blanco para la*

*reforma del régimen local que, como tantas otras del gobierno Zapatero, fue incumplida.*

*Por otra parte, en el programa electoral con que el PP concurrió a las elecciones Generales de 2011, y en las que contó con un notable apoyo ciudadano, ya se dice que: “Promoveremos la reforma del sistema electoral municipal para respetar la voluntad mayoritaria de los vecinos garantizando, al mismo tiempo, la estabilidad de los ayuntamientos.”*

*Una reforma electoral que permita a los ciudadanos elegir directamente al alcalde, personificando más su elección, al permitir que la máxima responsabilidad municipal recaiga sobre el cabeza de lista de la candidatura más votada.*

*Por lo tanto, desde este grupo municipal consideramos que debe reforzarse la legitimidad popular y representativa de los alcaldes, facilitando la gobernabilidad, garantizando la estabilidad durante el Mandato electoral y posibilitando el cumplimiento del programa electoral propuesto a los ciudadanos.*

*Por todo ello, elevamos al Pleno la adopción del siguiente acuerdo:*

*Manifiestar la voluntad de esta Corporación Municipal de que se adopten las modificaciones legales oportunas que garanticen el respeto a la voluntad mayoritaria de los ciudadanos y la estabilidad del Ayuntamiento, de tal manera que el cabeza de la lista más votada en las Elecciones Locales sea elegido alcalde.*

*En Outeiro de Rei , a 2 de Septiembre de 2014”*

*“Arcadio Lombao Román, concelleiro do BNG na Corporación Municipal de Outeiro de Rei ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte:*

***MOCIÓN POLA DEFENSA DA PLURALIDADE E A PARTICIPACIÓN  
POLÍTICA E CONTRA A REFORMA ELECTORAL QUE PRETENDE O PP  
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***

*Despos de 30 anos de se manteren no Estado español certos elementos básicos do sistema electoral, entre os que cómpre salientar a retriación da proporcionalidade que beneficia, sobre todo, os partidos máis votados e con maior implantación, o Partido Popular decidiu desenvolver unha ofensiva en diferentes frontes contra a democracia, as liberdades públicas e o dereito de participación e de expresión da cidadanía. De aí que pretenda, por unha parte, unha reforma da lei baseada na redución do número de deputados e deputadas para integraren o Parlamento galego e unha reforma da lexislación electoral para facilitar a investidura automática como alcalde ou alcaldesa da persoa que ocupe o primeiro posto da lista máis votada, aínda que non se corresponda coa expresión da vontade da maioría dos cidadáns e das cidadás que emitiron o seu voto. De feito, o que o PP leva expresado públicamente arredor da súa proposta non é que se escolla o/a alcalde/esa directamente, senón que uns votos posúan máis valor que outros.*

*Os obxectivos do PP son os de se asegurar con maior facilidade acadar a maioría absoluta e reducir a pluralidade política que a cidadanía expresa a través das urnas. Estamos, pois, ante unha subversión dos alicerces da representación democrática que vai na liña contraria do que defende o BNG. Esta medida, para alén de constituír un intento do Partido Popular de concentrar nas súas mans o maior número de alcaldías, supón, na práctica, unha reforma que incide na concentración de poder nas mans de alcaldes e alcaldesas, privando ao pleno, aos órganos colexiados e, por tanto, á cidadanía de capacidade de control da actuación municipal. De feito, todos os informes especializados e os organismos internacionais sinalan que un dos principais elementos para combater a corrupción é a maior participación política e a pluralidade fronte á concentración do poder. Velaí as verdadeiras medidas anticorrupción que o PP non quere aplicar.*

*Estamos, pois, ante unha tentativa de lexitimación de concesión dun poder absoluto a órganos unipersonais, que reforzan o presidencialismo e restan pluralidade. Téntase que os gobernos locais non reflectan a pluralidade política e social existente, senón que unha parte poida gobernar ao seu antollo, a través dun/unha alcalde/esa que governe aínda que o seu apoio popular nas urnas sexa minoritario.*

*O Bloque Nacionalista Galego considera esta proposta profundamente antidemocrática e contraria ao interese do conxunto da sociedade, que continuamente está expresando a súa demanda de exercer unha maior participación, control de transparencia das institucións. Máis tamén xulga que os contidos que o PP está a manifestar públicamente que configurarían a proposta de reforma electoral son contrarios á configuración institucional e de representación política consagrada no actual ordenamento xurídico.*

*Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte*

#### **ACORDO**

*Este concello insta ao Goberno Galego a:*

*1.- Manifestar a súa rotunda oposición á proposta de reforma da lexislación electotal formulada polo Goberno do Estado que ten como finalidade que ostente a alcaldía a lista que resulte máis votada, reforzando deste xeito a concentración do poder municipal en órganos unipersoais e vulnerando a expresión do pluralismo político da cidadanía e a súa capacidade de participación e control da xestión pública municipal.*

*2.- Dirixirse ao Goberno do Estado español coa finalidade de instar unha modificación do sistema electoral que favoreza unha mellor expresión nos órganos de representación da pluralidade política da cidadanía e unha maior participación no impulso e decisión das políticas públicas, introducindo medidas tales como:*

*a) Definición, agás no caso de elección municipais, como circunscrición electoral do territorio galego, isto é, incluír como circunscricións electorais únicas as actuais comunidades autónomas.*

*b) Eliminación da regra de Hont da fórmula de asignación da representación nos órganos e substituíndoa por outra que garanta un resultado máis proporcional á vontade expresada pola cidadanía.*

*c) Eliminación do limiar mínimo para acceder á repartición de representación.*

*d) Regulación da capacidade de convocatoria de referendos a todas as administracións en asuntos do seu interese, e fixando un catálogo de asuntos que deben ser obxecto de consulta obrigatoria antes de adoptar unha decisión (especialmente aqueles vinculados coa xestión dos servizos públicos), así como un procedemento para que un determinado número de persoas poida esixir a convocatoria de referendos con carácter vinculante para os poderes públicos.*

*Outeiro de Rei 2 de Setembro de 2014”*

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular afirma que a súa postura non é outra que goberné quen gañe as eleccións. Esta proposta é a máis coherente nunha democracia e a proposta de modificación da lexislación electora vai neste camiño.

En eleccións democráticas hai sempre un que gaña e outros que perden as eleccións, e o lóxico é que governe quen gaña as eleccións, e non queñes saian das negociacións feitas nos despachos dos partidos que perderon. E para iso poderá artellarse un sistema de elección en primeira, en segunda volta ou outros sistemas. E estas opcións están abertas, aínda que algún partido non quere nin oír dunha modificación que garanta que governe quen gañe as eleccións.

O voceiro do grupo municipal do BNG afirma que quenes se xuntan para decidir quen goberna non son uns calqueiras, senón representantes do pobo.

Puntualiza o sr. Pardo que os representantes dos partidos que perderon as eleccións.

O sr. Arcadio recorda que o Partido Popular pactou para gobernar en numerosas ocasións, coma con CIU, co PNV ou agora en Vigo. Pero agora, como ninguén quere pactar co PP, queren modificar a lei para que non sexa necesario pactar, afondando no Presidencialismo, dando máis poder aos Alcaldes e restándolle ao Pleno, á participación cidadá, dándolle máis valor a uns votos que a outros.

E a OCDE emitíu un informe no que se advirte que a loita contra a corrupción soamente é posible mediante a distribución do poder, incrementado a participación política. Esta modificación vai en sentido contrario, concentrando o poder nunha soa persoa.

O voceiro do PSdG-PSOE insiste na convenciencia de chegar a un acordó na modificación da lexislación electoral.

Polo que atinxe á moción do PP, rexeita o fondo no sentido de que o feito de que unha lista sexa a máis votada non significa que a meirande parte dos veciños queiran un

Alcalde concreto, salvo que se acuda a unha segunda volta, pero esta posibilidade non se explicita na moción, polo que non se pode apoiar.

Polo que atinxe á moción do BNG, non está de acordo coa eliminación do lineal mínimo para acadar representación, polo que solicita ao voceiro do BNG que aclare este extremo.

Conclúe que non estaría en contra dunha modificación que propoña que sexa Alcalde o cabeza da lista máis votada, pero sempre que exista unha segunda volta.

O voceiro do grupo municipal do PP recorda que non existe unha proposta pechada, senón que as diferentes opción están abertas ao acordo cos restantes partidos.

E recorda que o actual sistema deixa moito que desexar, do que é proba o feito de que a Deputación está a ser gobernada por unha coalición de partidos que acadaron 3000 votos menos que o partido que está na oposición.

Outro exemplo o aporta o concello de Lugo, no que o BNG apoiou que gobernase un partido que perdeu as eleccións e despois o deixou tirado. E o que é peor, sen deixar que governe que as gañou mediante unha moción de censura.

Estos exemplos cercanos son a mellor proba de que a modificación é necesaria.

E lle sorprende que o PSOE, quen introduxo esta proposta no seu programa electoral durante bastante tempo, agora se opoña sen entrar a debatir. É da opinión de que agora se opón xa que nestas eleccións teñen menos expectativas de voto que o Partido Popular. Pero isto non é certo, xa que pode beneficiar a calquer partido que se presente e gañe, e unhas veces será o Partido Popular e outras veces será o PSOE, tal e como ven sucedendo dende que hai democracia neste país.

Tras un intercambio de afirmacións entre os voceiros do PP e máis do BNG en relación á corrupción, o voceiro do BNG explica que, no seu momento, o BNG propuxo fixar o límite no 2%, e non no 5% actual, polo que a moción supón que vai neste sentido.

Por outra banda, a segunda volta tan só beneficia aos dos grandes partidos, pero o bipartidismo quebrou nas eleccións europeas, anunciándose un novo tempo político que casa mal coa proposta da segunda volta. Por iso propón deixa o sistema actual, máis respetuoso co pluralismo político.

Neste intre incorpórase a concelleira dona Begoña Seco Varela.

E remata o voceiro do BNG afirmando que o único que busca esta proposta é a de concentrar o poder no Alcalde, e restalo aos representantes do pobo. Isto lle recorda aos tempos do Rei Sol ou de Napoleón.

O voceiro do PSdG-PSOE, afirma que a corrupción ven da mao das persoas, non do sistema electoral. Insiste en que esta modificación non pode depender de conveniencias políticas, senón da vontade da maioría.

Afirma que estaría de acordo coa proposta do Partido Popular sempre que se maticen as condicións no que o cabeza da lista máis votada sexa Alcalde, xa que debe considerarse o sistema da segunda volta.

E tamén apoiaría a modificación proposta polo BNG da lei de Hont, pero sempre que contemple unha porcentaxe mínima de votos para acadar representación.

O voceiro do PP toma a palabra para asegurar que os países máis democráticos do mundo acadaron sistemas que garantan a gobernabilidade e a estabilidade das institucións. E parte dos problemas actuais e do descrédito das institucións no noso país radica neste. Na inoperancia do sistema electoral para garantir esta estabilidade e esta gobernabilidade necesaria.

E pon coma exemplo ao Reino Unido ou EEUU, no que o partido que gaña, aínda que sexa por un voto, é o que goberna.

Esta proposta de modificación da lei electoral vai nesta dirección, e esta proposta non está pechada aos restantes grupos políticos, polo que propón aprobar a moción.

Rematado o debate, sométese a votación a moción presentada polo Partido Popular co número de rexistro de entrada 2935.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada con oito votos a favor e tres votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e máis do BNG.

A continuación, sométese a votación a moción presentada polo BNG con número de rexistro 2940.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con un voto a favor, pertencente ao concelleiro do BNG, dúas abstencións, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, e oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP.

## **7- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, CON NUMERO DE REXISTRO 1941**

O Voceiro do BNG inicia a defensa da moción presentada con número de rexistro de entrada 2941, e do seguinte teor literal:

Arcadio Lombao Román, concelleiro do BNG na Corporación Municipal de Outeiro de Rei ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte:

*“MOCIÓN SOBRE O XENOCIDIO QUE O ESTADO DE ISRAEL ESTA A COMETER CONTRA PLESTINA*

### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Nas últimas semanas centos de persoas foron asasinadas en Gaza polo exército israelí como consecuencia das ansias imperialistas do Estado de Israel. A estratexia de aniquilación*

*do pobo palestino non se limita a masacre dos últimos días, senón que a política xenocida practicada polo Estado de Israel, a base de detencións masivas. Batidas policiais, asasinatos, destrución de casas e infraestruturas vitais para o pobo palestino pode cualificarse como un crime de lesa humanidade.*

*Centos e centos de cidadáns e cidadás galegos/as e doutros lugares do Estado, solidarios co pobo palestino, manifestaron nestes días a súa raiba e a súa dor; o propio Parlamento galego aprobou, no pasado mes de maio, unha resolución unánime a prol do cumprimento das resolucións das Nacións Unidas para pór fin ao sometemento do pobo palestino e recoñecer os seus dereitos colectivos. Este acordó parlar de todas as forzas políticas galegas propuña camiñar cara á resolución dun conflito desigual onde un Estado poderoso esmaga un pobo, asasina mulleres e crianzas e planifica a eliminación total de quen só pretende vivir dignamente na súa terra.*

*Cómpre manifestar públicamente a necesidade de que cesen de inmediato as hostilidades e ataques contra o pobo palestino, porque o respecto á dignidade humana non é compatible co escenario de asasinatos, de destrución, de xenocidio calculado que o Estado de Israel está a exercer de maneira sanguinaria e cómpre entón que a comunidade internacional defenda os dereitos do pobo de Palestina e exixa do Estado de Israel o cumprimento da legalidade internacional, concretado nas múltiples resolucións do Consello de Seguranza da ONU que este país incumpe impunemente. Como galegos e galegas non podemos permanecer indiferentes, e por iso que denunciemos o silencio cómplice que consente esta agresión militar contra o pobo de Palestina do Goberno español e da UE porque esta é a hora de expresar a máis enérxica condena perante a operación de limpeza étnica que o Estado de Israel está a perpetrar contra o pobo palestino na Franxa de Gaza con prácticas terroristas contra poboación civil desarmada que se teñen traducido na morte de moitas crianzas.*

*Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte*

#### **ACORDO**

*1.O Concello de Outeiro de Rei condena o ataque criminal perpetrado polo Estado de Israel contra a faixa de Gaza e reclama que cesen de inmediato os ataques e bombardeos israelís contra o pobo palestino.*

*2. O Concello de Outeiro de Rei solicita a finalización do bloqueio contra a faixa de Gaza, así como o derrubamento do muro do apartheid que Israel está a construír na Palestina ocupada.*

*3.O Concello de Outeiro de Rei apoia o boicot diplomático, comercial, académico e cultural ao Estado de Israel mentres non cumpra a legalidade internacional e non respete os dereitos do pobo palestino.*

*4. O Concello de Outeiro de Rei solicita ao Goberno español que abandone a súa actitude pasiva diante deste conflito e exixa ao Estado de Israel o cumprimento do Dereito Internacional e das resolucións que aprobaron as Nacións Unidas desde 1948, de reparto territorial, así como a resolución 194 que obriga a Israel a asumir o dereito ao retorno da poboación palestina a súa terra.*

*5.O Concello de Outeiro de Rei apoia os actos que se convoquen para expresar a repulsa social ao ataque criminal do Estado de Israel contra o pobo palestino da faixa de Gaza, e fai un chamamento á cidadanía deste concello, e á galega xeral. Para manifestar de maneira masiva nas rúas o rexeitamento a este xenocidio.*

*6.Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao presidente do Goberno español para que obren en consecuencia.*

*Outeiro de Rei 27 de Agosto de 2014 “*

Fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, quen asegura estar de acordo con calquer condena da violencia ou de actos criminais e o problema de Gaza non debe pasar desapercibido e o goberno español debería actuar de xeito adecuado.

Agora ben, coma o problema de Gaza existen lamentablemente outros moitos no mundo. Conflictos onde se están a producir crímenes, en moitos casos máis atroces que en Gaza, pero aos que non se lles dá tanta publicidade. E a actuación dos poderes públicos non debe condicionarse pola publicidade, senón que debe prestar atención a todos estes conflitos por igual.

O voceiro do PP considera que o lugar máis axeitado para tratar o conflito de Gaza é o Parlamento, que é onde se decide a política exterior, e non no concello de Outeiro de Rei. Agora ben, entrando no tema, propón unha emenda transaccional ao voceiro do BNG, de xeito que a moción diga que “O Concello de Outeiro de Rei condena a lamentable perda de vidas humanas que se está a producir no conflito de Gaza, ao igual que de calquer acto de violencia, e insta aos organismos internacionais competentes para que busquen unha solución de fondo para que non se volva a repetir o conflito”.

Puntualiza que esta moción está algo desfasada, xa que nas últimas semanas parece que se apaciguou o enfrentamento e cesou a violencia. Non obstante, ofrece esta modificación ao voceiro do BNG.

O voceiro do BNG rexeita modificar a moción.

O voceiro do PP expresa que tanto Hamás coma Isrrales deben cesar nos seus ataques, xa que quen es sufren este enfrentamento son os cidadáns, polo que propón adherirse ao manifesto do Ministro de Exteriores español, que vai na línea da emenda transaccional proposta, e que na súa comparecencia anunciou unha axuda de máis de dous millóns de euros para a reconstrución de Gaza.

Polo tanto, o Goberno español fixo o que tiña e podía facer neste caso, e recorda que España é unha potencia media e ten un marxe de influencia neste conflito limitado.

O tema é complicado e existe unha concurrencia de culpas, xa que quen es lanzan misiles dende as escolas para que o enemigo responda contra as mesmas tamén ten moita culpa. E considera que é a ONU quen debe tomar cartas no asunto para solucionar o conflito.

O voceiro do BNG rexeita modificar a moción e insiste na reacción desproporcionada de Isrrael, e a capacidade da ONU está desacreditada xa que tanto Israel coma EEUU non cumpren as resolucións da ONU e non sufren consecuencia algunha.

E o Concello ten moito que facer. Ten que denunciar e posicionarse contra este xenocidio, e non pode mirar para outro lado.

O voceiro do PSdG-PSOE afirma que está de acordó coa condena, pero para toda a violencia. E a desproporción é relativa, xa que unha persoa en Sudáfrica cun coio que se enfrenta a cinco metralletas é unha situación, polo menos, similar.

O voceiro do PP propón condenar, tanto o ataque terrestre de Israel, coma contra o lanzamento de cohetes contra civís por Hamás. E recórdalle que tamén podería condenarse, por exemplo, a anexión de Crimea por Rusia, entre moitos outros conflitos que está a sufrir hoxe o mundo.

Pero parécelle que o BNG tan só quere mirar para unha parte, e se nega a condenar a ambas partes, xa que ambas partes están a asesinar a poboación civil. E Hamás tamén está a asesinar lanzando misiles indiscriminadamente contra a poboación israelí.

E conclúe que o Goberno español non mira para outro lado, xa que xa se posicionou condenando a violencia contra a poboación civil e destinando axuda económica para a reconstrucción de Gaza.

O voceiro do BNG négase a cambiar a moción.

Rematado o debate, sométese a votación a moción presentada polo voceiro do BNG con número de rexistro de entrada 2941.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con tres votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e máis do BNG, e oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP.

## **8- ASUNTOS DE URXENCIA**

Sométese a votación a moción presentada polo voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, con número de rexistro de entrada 3220.

Realizada a votación, a urxencia resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

A continuación, o voceiro do PSdG-PSOE, asume a defensa da moción.

Rematada a defensa, toma a palabra o voceiro do BNG, quen afirma que non coñece o tenor da moción.

O Alcalde propón deixar o debate para o próximo pleno, a celebrar dentro de un mes, polo que, non habendo máis asuntos, levántase a sesión, sendo as quince horas do día da data, e da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e prace do sr. Alcalde

O Secretario

VºPº; o Alcalde